

3. As modificacións de matrícula por causa de estimación de recursos de reposición, haberán de ser comunicadas ó Concello antes do día 31 de xullo do exercicio a que se refire a matrícula.

4. O Concello de Bueu ten asumido, por delegación, as funcións de Inspección do Imposto sobre Actividades Económicas, de conformidade co disposto no Real Decreto 566/1992 de 29 de maio, polo que se modifica o artigo 17 do Real Decreto 1172/1991 de 26 de xullo, polo que se dictan normas para a xestión do Imposto de Actividades Económicas. Estableceranse fórmulas de colaboración coa Admón. Tributaria do Estado para os cometidos de Inspección.

5. O Concello é competente para a liquidación e recadación deste imposto, así como da revisión de actos dictados en vía de xestión tributaria, comprendendo as funcións de concesión e denegación de exencións, e bonificacións, de realización de liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, recepción de autoliquidacións, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución de recursos que se interpoñen contra estes actos e actuacións para información e asistencia ó contribuínte referidas ás materias comprendidas neste parágrafo.

6. Contra os actos dictados en vía de xestión tributaria relacionados no parágrafo 5 deste artigo, os suxeitos pasivos poderán interpoñer recurso de reposición ante o Concello no prazo dun mes contado dende a data de notificación ou da publicación do BOP, de conformidade co artigo 57.3 da Ordenanza Fiscal Xeral.

**ARTIGO 14.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

No relativo á cualificación de Infraccións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria, Regulamento de Infraccións e Sancións, Ordenanza Fiscal Xeral, Lei 1/98 de Dereitos e Garantías dos contribuíntes e restante normativa que resulte de aplicación.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación comenará aplicarse el 2004 de enero de 2004 e permanecerá en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Bueu, 29 de setembro de 2003.—O Alcalde, ilexible. 10165

\* \* \*

**PONTEAREAS**

**A N U N C I O**

Elevanse a definitivas as seguintes modificacións:

1).—Modificar o coeficiente do IBI (Urbano), pasándoo do 0,42 ó 0,45.

2).—Modificar as seguintes Ordenanzas:

**PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR**

Modificación dos dous últimos parágrafos do articulo 4 da citada Ordenanza que quedar redactado do seguinte xeito:

“O custo por hora del SAF será fixado anualmente no exercicio económico que lle corresponde. Inicialmente, fixase a hora do servico en 5,57 euros (gastos laborais da auxiliar), sen prexuízo do aumento do custo/hora mediante a aplicación do IPC e as resultantes valoracións.

Engadirase o custo de hora de prestación do servico, o custo de servicos ou axudas complementarias como o servico de asistencia domiciliaria.

**TAXAS DA PISCINA MUNICIPAL, PAVILLÓN DEPORTIVO, PISTA DE TENIS E PISTAS POLIDEPORTIVAS ANEXAS Ó PAVILLÓN**

Abonado individual:mensual (28,29 euros). Trimestral (73,52 euros). Semestral (115,94 euros). Anual (200,78 euros).

Familiar 2: mensual( 37,82 euros). Trimestral (98,34 euros). Semestral (155,07 euros). Anual (270,40 euros).

Familiar 3: mensual(41,89 euros). Trimestral (108,90 euros). Semestral (175,93 euros). Anual (305,76 euros).

Familiar 4: mensual(47,00 euros). Trimestral (122,23 euros). Semestral (197,44 euros). Anual (352,59 euros).

Familiar 5: mensual(51,00 euros). Trimestral (132,62 euros). Semestral (219,32 euros). Anual (387,65 euros).

Familiar 6: mensual(55,15 euros). Trimestral (143,37 euros). Semestral (237,11 euros). Anual (419,22 euros).

Familiar máis de 6: mensual (60,63 euros). Trimestral (158,53 euros). Semestral (265,10 euros). Anual (476,12 euros).

**ACTIVIDADES**

<i>Actividade</i>	<i>Días</i>	<i>Abonados</i>	<i>No abonados</i>
Natación monitor	3	13,11 euros	32,33 euros.
Natación monitor	2	10,34 euros	25,36 euros.
N.bebés e embarazadas		13,13euros	32,38 euros
Aerobic/Gmn.Mn.	3	9,74 euros	25,23 euros
Fitnes	5	9,74 euros	25,40 euros
Sauna		0,00 euros	4,47 euros
Solarium		4,12 euros	7,89 euros
Tenis		2,06 euros	4,12 euros

Pavillón: hora sen luz: 10,30 euros.—Hora con luz: 13,73 euros.

Natación escolar: 8 meses: 54,91 euros

Baño libre: 2,74 euros

Escolas deportivas: 6,86 euros.

**TAXAS POR SERVICIOS DE MATADOIRO, LONXAS E MERCADOS, ASÍ COMO ACARREXO DE CARNES, DE TER QUE UTILIZARSE DUN MODO OBRIGATORIO, E SERVICIOS DE INSPECCIÓN EN MATERIA DE ABASTOS, INCLUIDA A UTILIZACIÓN DE MEDIOS DE PESAR E MEDIR**

Modifícanse os apartados a) e b), da Ordenanza quedando así:

**a).—SERVICIOS DO MATADOIRO MUNICIPAL.**

Por sacrificio de cada res de gando vacún: 12,25 euros.

Por sacrificio de cada res de gando lanar, cabrio ou porcino: 1,22 euros.

Gravame rede de sumidoiros por carneiro que sacrifiquen no matadoiro municipal, ano, para sostemento da depuradora: 61,25 euros.

**b).—MERCADO MUNICIPAL.**

Departamento de venda de carnes e peixes, ó mes: 28,35 euros.

Departamento de venda de ultramariños e similares ó mes: 21,43 euros.

Cada un dos catro locais existentes na entrada da praza de abastos e similares ó mes: 35,21 euros.

Postos en bancas para peixe na planta “C”, ó mes: 13,78 euros.

Postos en bancas da planta “C”, ó mes: 5,25 euros.

Locais pechados, planta “C”, ó mes: 19,55 euros.

Locais en planta “A”, saíntes, ó mes: 14,74 euros.

Os dereitos de traspaso permanecen igual.